

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE XULLO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Ana Ledo Fernández

Concelleiros:

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:00 horas do día vinte e seis de xullo de dous mil trece, xuntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vazquez Vazquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES.

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, as actas de dúas sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 30/05/2013 e 27/06/2013, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas. Sinala a secretaria os erros materiais nas referidas actas, na de data 30/05/2013, no punto 4.1.2 no acordo primeiro donde di “ ... rúa Gándara ... ” debe dicir “... rúa Vilanova ... ” e no punto 4.1.4 no acordo primeiro donde di “... D. Jesús Vereá Sánchez ... ” debe dicir “... D. Plácido Tato García ... ”; e na acta do día 27/06/2013, no punto 3.2.3. no que se refire ao número de autorización de conexión onde di “... 1/2013” debe dicir “... 10/2013” e no acordo primeiro deste punto donde di “ ... José Antonio García Ramos ... ” debe dicir “... José Cajide Mato ... ”. No punto 3.2.4 e 3.2.5 no número de autorización donde di “ ... 2/2013 ” debe dicir “... 3/2013 ” e donde di “... 3/2013 ” debe dicir “... 4/2013 ”. No punto 5.2.- onde di “... 78.591,04 Euros ” debe dicir “... 78.287,00 Euros ”

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as actas de dúas sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 30/05/2013 e 27/06/2013 coas rectificacións indicadas nos considerandos deste acordo.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO.

2.1.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2013 (MANTEMENTO)

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada 1302 en data 10/07/2013, no que notifica a resolución de concesión de subvención para o proxecto maiores activos:

<u>Importe subvención</u>	<u>Coef.</u>	<u>Pto. Subvencionado que se ha xustificar</u>
2.499,00 €	1	2.499,00 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE POLÍTICAS DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2013 (MANTEMENTO)

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada 1345 en data 15/07/2013, no que notifica a resolución de concesión de subvención para III Plan municipal de igualdade de oportunidades do Concello de Boimorto 2013-2016:

<u>Importe subvención</u>	<u>Coef.</u>	<u>Pto. Subvencionado que se ha xustificar</u>
1.814,40 €	1	1.814,40 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE APOIO AO DEPORTE PARA ANIMADORES CULTURAIIS ANO 2013

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada 1344 en data 15/07/2013, no que notifica unha nova resolución de concesión de subvención para animador cultural 2013 a efectos de correxir o erro detectado na anterior:

<u>Importe subvención</u>	<u>Coef.</u>	<u>Pto. Subvencionado que se ha xustificar</u>
5.987,41 €	0,6	9.979,02 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN ABOAMENTO SEGUNDO PRAZO CONVENIO SERVIZOS SOCIAIS 2012

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada 1300 en data 10/07/2013, no que notifica a resolución de aboar a este Concello o segundo prazo do convenio suscrito no 2012 en garantía da prestación de servizos comunitarios municipais pola cantidade de 22.744,10 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO DTC-94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada 1393 en data 22/07/2013, no que notifica a resolución de aprobación técnica da certificación 1 derradeira da execución da obra incluída no DTC-94 Unha Deputación para todos os Concellos:

Obra: Mellora camiño en Campo da Lanza, Liñeiro e outro.

Concello fondos propios: 0,00

Deputación fondos propios: 78.287,00

Total certificación: 78.287,00

2.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO DTC-94 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada 1422 en data 24/07/2013, no que notifica a resolución de aprobación técnica da certificación 1 derradeira da execución da obra incluída no DTC-94 Unha Deputación para todos os Concellos:

Obra: Mellora camiño en Casal, Pazo, Carballido e outro.

Concello fondos propios: 0,00

Deputación fondos propios: 36.784,00

Total certificación: 36.784,00

2.7.- RESOLUCIÓN ABOAMENTO ANTICIPO PREPAGABLE SUBVENCIÓN ACTIVIDADE DEPORTIVA 2013.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 1165 con data 01/07/2013 no que se comunica a resolución de aboamento anticipo prepagable do 50% da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 239 de data 17 de decembro de 2012, correspondente ao exercicio 2013:

Obxecto da subvención: Actividades deportivas 2013

Importe da subvención: 2.489,80 €

Coefficiente de financiamento: 1

Presuposto subvencionado a xustificar: 2.489,80 €

Importe a aboar: 1.244,90 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.8.- RESOLUCIÓN ABOAMENTO ANTICIPO PREPAGABLE SUBVENCIÓN ACTIVIDADE CULTURAL 2013.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada nº. 1156 con data 28/06/2013 no que se comunica a resolución de aboamento anticipo prepagable do 50% da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 239 de data 17 de decembro de 2012, correspondente ao exercicio 2013:

Obxecto da subvención: Actividades culturais 2013

Importe da subvención: 2.658,37 €

Coefficiente de financiamento: 1

Presuposto subvencionado a xustificar: 2.658,37 €

Importe a aboar: 1.329,19 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.9.- RESOLUCIÓN ABOAMENTO ANTICIPO PREPAGABLE SUBVENCIÓN ACTIVIDADE CONCELLOS.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción Económica, rexistro de entrada nº. 1148 con data 27/06/2013 no que se comunica a resolución de aboamento anticipo prepagable do 50% da subvención outorgada ao abeiro da convocatoria publicada no BOP nº 239 de data 17 de decembro de 2012, correspondente ao exercicio 2013:

Obxecto da subvención: Actividades de promoción económica 2013

Importe da subvención: 550,00 €

Coefficiente de financiamento: 1

Presuposto subvencionado a xustificar: 550,00 €

Importe a aboar: 275,00 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.10.- CERTIFICADO DO DIRECTOR-XERENTE DA S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO AUMENTO DE PREZO VENDA DE BONOS PARA PERNOCTA NO ALBERGUE

Pola Secretaria dáse conta do certificado enviado polo Director-Xerente da S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, rexistro de entrada nº 1170 con data 01/07/2013 no que se certifica o acordo adoptado no Consello de Administración celebrado con data 28 de febreiro de 2013, establecéndose un prezo de venda unitario dos bonos para pernocta na rede pública de albergues de peregrinos da S.A de Xestión do Plan Xacobeo de 6 euros (ive incluído) por noite. Dito prezo fárbase efectivo a partires do 1 de xuño de 2013

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.11.- NOVO CERTIFICADO RECTIFICADO DO DIRECTOR-XERENTE DA S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO SOBRE A DATA EFECTIVA DO AUMENTO DE PREZO DOS BONOS PARA PERNOCTA NO ALBERGUE

Pola Secretaria dáse conta do oficio remitido polo Director-Xerente da S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, rexistro de entrada nº 1358 con data 17/07/2013 no que remite de novo o certificado rectificativo do aumento do prezo dos bonos para pernocta na rede pública de albergues de peregrinos da S.A de Xestión do Plan Xacobeo, xa que no que remitiron anteriormente figuraba como data de cambio do prezo o día 1 de xuño cando a data correcta é o 1 de maio de 2013

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.12.- INFORMES TÉCNICOS DA SUBDIRECCIÓN XERAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR SOBRE A AUTORIZACIÓN DE CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS

Pola Secretaria dáse conta da copia dos informes técnicos emitidos pola Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar, rexistro de entrada nº 1367 con data 18/07/2013, na tramitación do procedemento para a autorización de modificación substancial dos centros: Centro de día de Boimorto e Centro ocupacional de Boimorto, que dependen da Asociación de persoas con discapacidade e apoio a integración das comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI), consistente no peche de rampla de comunicación entre o centro ocupacional e o centro de día e unión de dous talleres nun só

espazo con zona de almacén, na planta semisoto. Non se alteran as condicións de accesibilidade, seguridade en caso de incendios e de utilización do centro. Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.13.- RESOLUCIÓN AUTORIZACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS PARA A INSTALACIÓN DE SINAIS INFORMATIVAS PARA FESTIVAL DA LUZ

Pola Secretaria dáse conta da resolución enviada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada nº 1360 con data 17/07/2013, na que se autoriza a colocación de sinais informativas para o festival de La Luz, durante catro días, colocariáanse o venres día 21 de setembro de 2013 e se retirarán o luns 24 de setembro de 2013 na estrada AC-234 - Arzúa (N-547) - As Corredoiras (AC-840)

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.14.- RESOLUCIÓN DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA AUTORIZANDO A EXECUCIÓN DE OBRAS NA DEPURADORA DE ARCEO. CLAVE: DH.V15.13444

Pola Secretaria dáse conta da resolución enviada polo Organismo de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, rexistro de entrada nº 1373 con data 19/07/2013, na que se acorda modificar na súa totalidade a resolución emitida por esta entidade en data 30/09/2005 a favor de Concello de Boimorto, que quedará redactada como segue: As obras axustaranse aos proxectos denominados “*Solicitud de autorización de vertido. Saneamento en Arceo (Boimorto - A Coruña). Novembro 2000*” e “*Mejora del vertido de la depuradora de Lobomorto (Arceo). Diciembre 2012*” e demais documentación presentada ante esta entidade antes e despois do outorgamento da autorización de vertido.

Deberase realizar mostraxes e análises correspondentes ao control de vertido cunha periodicidade semestral e os resultados remitiranse a Augas de Galicia.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.15.- ESCRITO DO PRESIDENTE DE CONFEMADERA HÁBITAT GALICIA INFORMANDO DA SOLICITUDE FORMULADA ANTE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR DA XUNTA DE GALICIA PARA QUE SE APLIQUE A LEI 7/2012 DE MONTES DE GALICIA

Pola Secretaria dáse conta do escrito enviado polo Presidente de Confemadera Hábitat Galicia, rexistro de entrada nº 1311 con data 11/07/2013, no que se informa que solicitaron á Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia que, de xeito inmediato, aplique a Lei 7/2012 de Montes de Galicia, en vigor dende hai un ano, e que derroque as ordenanzas municipais. Segundo a citada lei, as plantacións forestais, as actividades silvícolas e os aproveitamentos non requiren licenza municipalm se se realizan en solo rústico ou urbanizable non delimitado.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS.

Por non haber temas a tratar neste punto ordea a alcaldesa en funcións pasar ao seguinte.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS.

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 24/2013) PARA REPARACIÓN E SUBSTITUCION DE CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO NÚMERO 1 DO LUGAR DE RIBEIRO, PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MARÍA CONCEPCIÓN FREIRE GARCÍA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de Dna. María Concepción Freire García, con DNI nº 33249818-Y, e con domicilio para os efectos de notificacións no número 1 do lugar de Ribeiro, pertencente á parroquia de Boimorto, solicitude con entrada no concello nº 461 con data 26/03/2013 para reparación e substitución do tellado na vivenda sita no número 1 do lugar de Ribeiro, parroquia de Boimorto, segundo presuposto, plano de situación e fotografías presentadas.

Con data 27/03/2013 os servizos técnicos municipais emiten informe sinalando que ao tratarse de obras nun elemento catalogado é preciso presentar un proxecto técnico, polo que o 19/04/2013 rexistro de entrada 590, pola interesada preséntase “Memoria valorada: reparación cuberta e rexuntado fachadas da vivenda unifamiliar” redactada polo arquitecto técnico D. Gonzalo Naveira Mosteiro, colexiado nº 891.

Considerando que a edificación ten unha antigüidade superior aos 50 anos.

Tramitada polo interesado solicitude de autorización do Organismo Augas de Galicia (expediente DH.W15.42007) e incorporado ao expediente a resolución de data 3 de xullo de 2013, con rexistro de entrada no concello nº 1232 en data 05/07/2013, no que autoriza as obras, indicando condicionantes a ter en conta para realizar a mesma.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 24/04/2013 para a realización da dita obra que clasifica como maior, ao tratarse dun elemento catalogado, en solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a Dna. María Concepción Freire García DNI nº 33249818-Y (LO 24/2013), para a realización das obras de reparación cuberta e rexuntado fachadas de vivenda unifamiliar en Ribeiro nº 1, parroquia de Boimorto, segundo memoria valorada redactada polo arquitecto técnico D. Gonzalo Naveira Mosteiro, colexiado nº 891.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

.- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais necesarias e supeditada os condicionamentos xerais e particulares da autorización sectorial do Organismo de Augas de Galicia que consta no expediente. Clave: DH.W15.42007

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo máximo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a meses (art. 197.1 da Lei 9/2012).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: 19.837,34 €

Liquidación 2%: 396,75 € - 277,73 € da bonificación do 70% na cota do ICIO recoñecida polo Pleno municipal en sesión celebrada o día 25/04/2013 = **119,02 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Concepción Freire García, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.-LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 25/2013) PARA CERRE DE PARCELA URBANA NA RÚA GÁNDARA DE BOIMORTO NO NUMERO 27, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. HERMOSINDA BARREIRO GARCÍA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de Dna. Hermosinda Barreiro García, con DNI nº 37691261B, e con domicilio para os efectos de notificación Travesía Casal de Munín núm. 9, Boimorto, solicitude con entrada no concello nº 1125 en data 26/06/2013 acompañando proxecto de cerre de parcela urbana na rúa Gándara de Boimorto, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 1049 e visado polo Colexio oficial de arquitectos en data 21/06/2013 co número CO-20130482. Constando nomeamento de director de obra a D. Javier López López enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 1049.

Con data 27/06/2013 os servizos técnicos municipais emiten informe sinalando unha serie de observacións, polo que o 08/07/2013 rexistro de entrada 1270, pola interesada preséntase “Anexo ao proxecto de cerre de finca urbana na rúa Gándara en Boimorto”, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado nº 1049

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid de data 09/07/2013 para a realización da dita obra que clasifica como maior segundo o artigo 17 PXOM en solo solo urbano consolidado con aplicación da ordenanza de edificación intensiva.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a Dna. Hermosinda Barreiro García, con DNI nº 37691261B (LO 25/2013), para a realización das obras contempladas no proxecto adxunto á solicitude de licenza “Proxecto de cerre de finca urbana na rúa Gándara en Boimorto”redactado polo enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 1049 e visado polo Colexio oficial de arquitectos en data 21/06/2013 co número CO-20130482 e conforme o anexo con entrada nº 1270 en data 08/07/2013, asumíndose a dirección de obra por D. Javier López López enxeñeiro técnico agrícola colexiado nº 1049.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- A entrada de vehículos recuarase 3 m da aliñación.
- .- As características do cerramento axustaranse ás condicións sinaladas no artigo 30.7 do PXOM de Boimorto.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematar no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a seis meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **1.510,11 €**

Liquidación 2%: **30,20 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Hermosinda Barreiro García, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 26/2013) PARA CONSTRUCCIÓN DE CERRE DE PARCELA SITA NO LUGAR DE FRANZOMIL DA PARROQUIA DE SENDELLE, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. MANUEL PEREIRA ÁLVAREZ.

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obras tramitado a instancia de D. Manuel Pereira Álvarez, con domicilio a efectos de notificación en C/ Castello 93, Sot. A, 28006 Madrid, provista do DNI núm. 14925822H, solicitude con rexistro de entrada no concello nº 1109 en data 25/06/2013, acompañada de proxecto para construción de cerre de parcela sita en Franzomil, parroquia de Sendelle, redactado polo arquitecto técnico D. Gonzalo Navaza Mosteiro, colexiado nº 891.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra maior dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid de data 27/06/2013 para a realización da dita obra que clasifica como maior segundo o artigo 17 PXOM en solo solo rústico de protección agropecuaria.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra maior a D. Manuel Pereira Álvarez, con DNI núm. 14925822H (LO 26/2013), para a realización das obras contempladas no proxecto adxunto á solicitude de licenza “Proxecto de cerre de parcela” en Franzomil, parroquia de Sendelle, redactado polo arquitecto técnico D. Gonzalo Navaza Mosteiro, colexiado nº 891.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- As características do cerramento axustaranse ás condicións sinaladas no artigo 30.7 do PXOM de Boimorto.
- .- A distancia do cerramento ao eixo da vía será de 4 metros.
- .- O bloque deberá estar enfuscado e pintado.
- .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinala construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 9.148,55 €.

Liquidación 2% : **182,97 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Manuel Pereira Álvarez, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- DENEGACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Vista solicitude de licenza de parcelación con entrada no Concello nº 1597 en data 4/10/2012, para Proxecto de parcelación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eduardo Aguión Sandá colexiado nº 977, tratándose dunha solicitude en realidade de segregación en solo rústico, sendo o obxecto do proxecto a segregación de 12.314m2 da finca 234B da concentración parcelaria de Brates cunha superficie total de 26.864 m2 para a súa simultánea agrupación a

finca colindante nº 234-S, estando a finca matriz clasificada no PXPM como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas .

Solicitado informe á Xunta de Galicia Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio Urbanismo o 4/10/2012 ante a dúbida de si a pretendida segregación podería encaixar co suposto contemplado no artigo 206 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que di “...tamén poderá autorizarse coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas colindantes a segregación e simultánea agregación en unidade de acto “.

Visto o artigo 206 da LOUGA que se transcribe literalmente:

Artículo 206 División y segregación de fincas en suelo rústico

1. En el suelo rústico no podrán realizarse ni autorizarse parcelaciones, divisiones o segregaciones, excepto aquéllas que se deriven de la ejecución, conservación o servicio de infraestructuras públicas, de la ejecución de equipamientos públicos, de la realización de actividades extractivas o energéticas, de la ejecución del planeamiento urbanístico o que tengan por objeto la mejora de las explotaciones agropecuarias existentes.

En todo caso, se respetará la superficie mínima e indivisible que determine la legislación agraria.

Sin embargo, podrá autorizarse la división de parcelas vacantes de edificación por razón de partición de herencias, siempre que se haga constar el compromiso expreso de no edificar los lotes resultantes y no afecte a suelos de especial protección agropecuaria. Esta condición de inedificabilidad de los terrenos debe hacerse constar expresamente en el registro de la propiedad y en todos los actos de transmisión de la propiedad.

También podrá autorizarse, con la exclusiva finalidad de regularizar la configuración de parcelas colindantes, la segregación y simultánea agregación en unidad de acto.....

Visto o informe da Xunta de 7/11/2012 no que indica que a posibilidade de autorizar segregación en solo rústico para regularización da configuración das parcelas lindantes debe ser entendida como a normalización ou adecuación dos lindes por ter estes unha forma que minora o uso gozo ou disposición dos predios circunstancia que a xuízo do técnico D. Fernando Delgado Juega como consta en informe de 7/8/2013 non se da neste caso.

A Xunta de goberno local por unanimidade en cumprimento da normativa vixente con tres votos a favor dos tres concelleiros presentes **ACORDOU:**

PRIMEIRO.-Denegar con motivación no exposto nos considerandos deste decreto principalmente polos motivos expostos en informe técnico que consta no expediente de data 7/8/2013 a licenza de segregación para Proxecto de parcelación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Eduardo Aguión Sandá colexiado nº 977, tratándose dunha solicitude en realidade de segregación en solo rústico , sendo o obxecto do proxecto a segregación de 12.314m² da finca 234B da concentración parcelaria de Brates cunha superficie total de 26.864 m² para a súa simultánea agrupación a finca colindante nº 234-S, estando a finca matriz clasificada no PXPM como solo rústico de protección agropecuaria e solo rústico de protección de augas por non encaixar nos supostos excepcionais para poder autorizar segregación en solo rústico sinalados no artigo 206 da LOUGA.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ó interesado os efectos oportunos.

4.2.- OBRAS E SERVIZOS

4.2.1.- COMPROMISO DE ADXUDICACIÓN DA OBRA INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013 ANTES DO 1 DE OUTUBRO DE 2013

Pola Secretaría dáse conta da circular enviada pola Deputación Provincial, sección de plans provinciais, rexistro de entrada 1370 de data 19/07/2013, no que se comunica que este concello

ten pendente de adxudicar a obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia nuncipal (POS) 2013 “Mellora verquido depuradora Lobomorto (Arceo)”, e o concello deberá presentar ata o 1 de agosto de 2013, ben a documentación xustificativa da contratación das obras, ben o compromiso do concello de adxudicalas antes do 1 de outubro de 2013, ou ben a petición da prórroga para a súa adxudicación (ata o 1 de novembro de 2013).

Considerando que esta obra estaba condicionada á presentación ante a Deputación Provincial da acreditación de autorización polo organismo de Augas de Galicia para a súa aprobación e que xa contamos con permiso do referido organismo para realizar as referidas obras, en uso das facultades delegadas na Xunta de Goberno Local en materia de contratación, por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Comunicar á Deputación Provincial da Coruña que se compromete este Concello a adxudicala obra denominada “Mellora verquido depuradora Lobomorto (Arceo)” antes antes do 1 de outubro de 2013, en cumprimento do disposto na circular indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa remitida á sección de Plans provinciais da Deputación Provincial da Coruña aos efectos oportunos.

4.2.2.- APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SERVICIO DE ALIMENTACIÓN DA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO CAPAS 1/2013

Visto que o día 29/07/2013 o Alcalde dictou Providencia para inicio do expediente de contratación do servizo de alimentación da Residencia e Centro de día de Boimorto CAPAS 1/2013 xustificando a necesidade de contratar este servizo polas necesidades dos usuarios da residencia e centro de día a especialización do contratista para garantir o cumprimento da normativa aplicable a este obxecto contractual así como a falta de medios materiais e persoais do Concello para a prestación directa deste servizo.

Visto que, dadas as características do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

Visto que informe de secretaría intervención de data 29/07/2013 que consta no expediente sobre organo competente, e pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas que constan no expediente .

Despois de examinar o expediente e unha vez visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, A Xunta de goberno local por unanimidade con tres votos a favor dos tres concelleiros presentes **ACORDOU:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, para o servizo de Alimentación da Residencia e Centro de día de Boimorto , e que se convoque a súa licitación declarandose a contratación urxente ante as necesidade de cobertura deste servizo actualmente sen contratación e que se está facturando en contra da lexislación vixente por falta de contrato.

SEGUNDO. Autorizar, en contía de unha anualidade 71.554,24 sin iva (80.310€ con iva euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á aplicación 23.227.03 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2013 .

TERCEIRO. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato do servizo de alimentación da Residencia e Centro de día por procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación.

CUARTO. Que se publique no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña así como no DOG e no perfil do contratante un anuncio de licitación, para que durante o prazo de oito días naturais dende a publicación no BOP os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

QUINTO. Publicar a composición da mesa de contratación no perfil do contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se deba levar a cabo para a cualificación da documentación referida no artigo 146.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

4.2.3.- CONTRATACIÓN MENOR DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS SANITARIOS NA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Vista a oferta presentada pola empresa CONSENUR, S.L. con CIF B36749414 do servizo de xestión de residuos sanitarios oferta técnico económica que resume o servizo a contratar para a Residencia e Centro de día de Boimorto en subministro dun contenedor de 5 litros para cortantes e punzantes polo prezo de 34 € máis iva do 10% de recollida periódica cada 6 meses, transporte ata planta de tratamento en vehículos especiais tratamento final e comunicación da recollida á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia Considerando a existencia de crédito orzamentario na partida do orzamento municipal para o ano 2013 23.22703 para facer fronte o gasto de 74,80 Euros.

Considerando a esta empresa capacitada para contratar con esta administración e que polo importe deste contrato con prezo 34 € máis iva do 10% cada recollida, sendo dúas o ano total do prezo do contrato iva incluído 74,80 € estamos ante un contrato menor de subministro pola súa contía e vista a normativa sobre contratación menor neste caso de contrato de servizo de xestión de residuos sanitarios que encaixa na categoría 16 do anexo II do Real Decreto lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se apoba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público normativa que a continuación se indica:

Artículo 10 Contrato de servicios

Son contratos de servicios aquéllos cuyo objeto son prestaciones de hacer consistentes en el desarrollo de una actividad o dirigidas a la obtención de un resultado distinto de una obra o un suministro. A efectos de aplicación de esta Ley, los contratos de servicios se dividen en las categorías enumeradas en el Anexo II.

Artículo 19. Contratos administrativos.

1. Tendrán carácter administrativo los contratos siguientes, siempre que se celebren por una Administración Pública:

Los contratos de obra, concesión de obra pública, gestión de servicios públicos, suministro, y servicios, así como los contratos de colaboración entre el sector público y el sector privado. No obstante, los contratos de servicios comprendidos en la categoría 6 del Anexo II y los que tengan por objeto la creación e interpretación artística y literaria y los de espectáculos comprendidos en la categoría 26 del mismo Anexo no tendrán carácter administrativo.

Los contratos de objeto distinto a los anteriormente expresados, pero que tengan naturaleza administrativa especial por estar vinculados al giro o tráfico específico de la Administración contratante o por satisfacer de forma directa o inmediata una finalidad pública de la específica competencia de aquélla, siempre que no tengan expresamente atribuido el carácter de contratos privados conforme al párrafo segundo del artículo 20.1, o por declararlo así una Ley.

2. Los contratos administrativos se regirán, en cuanto a su preparación, adjudicación, efectos y extinción, por esta Ley y sus disposiciones de desarrollo; supletoriamente se aplicarán las restantes normas de derecho administrativo y, en su defecto, las normas de derecho privado. No obstante, a los contratos administrativos especiales a que se refiere la letra b) del apartado anterior les serán de aplicación, en primer término, sus normas específicas.

Artículo 111. Expediente de contratación en contratos menores.

1. En los contratos menores definidos en el artículo 138.3, la tramitación del expediente sólo exigirá la **aprobación del gasto y la incorporación al mismo de la factura correspondiente, que deberá reunir los requisitos que las normas de desarrollo de esta Ley establezcan.**

